



María Sieira Ríos, secretaria do Tribunal Avaliador do proceso selectivo para a formación dunha BOLSA DE EMPREGO para a contratación laboral temporal dun/dunha PROFESOR/A DE MÚSICA, na especialidade de GUITARRA, para o Conservatorio de Música Profesional do Concello de Ribeira,

CERTIFICA: Que, por unanimidade dos membros presentes do Tribunal constituído ás 10:00 horas do día 11/12/2020, acordouse o que a continuación se transcribe literalmente recollido na "ACTA NÚMERO 2.- DESENVOLVEMENTO DA FASE DE OPOSICIÓN."

(...) Rematada a realización da proba, o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar a cada un dos/as aspirantes presentados/as as puntuacións que en cada caso se indican polo primeiro exercicio da fase de oposición:

Nº	Apelidos e nome do aspirante	Impartición clase	Lectura a 1ª vista	Interpretación obra libre elección	Total
1	Campos García Pedro	3	4	2	9
2	Currás Pico Antonio Luis	9	5	6	20
3	De la Ossa Jiménez Sergio	Non presentado	Non presentado	Non presentado	
4	Gómez Silva Carmen	10	9	10	29
5	Santalices Blanco Miguel Emilio	3	4	3	10
6	Vázquez Romero Andrés	8	7	8	23

Segundo.- Declarar aprobados/as nesta proba ós/as aspirantes presentados que acadaron unha puntuación superior á mínima esixida polas bases da convocatoria (15 puntos).

Terceiro.- Que se publique no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello de Ribeira e na súa páxina Web oficial (www.ribeira.es) o resultado da cualificación da fase de oposición do xeito que se detalla no cadro anterior.

Cuarto.- Dispoñer dun prazo de dous días hábiles, contados a partir do día seguinte ó da publicación do anuncio no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial, para a presentación de reclamacións en relación ao primeiro exercicio da fase de oposición.

De conformidade co disposto na Base 9.3 das que rexen este proceso selectivo, a reclamación poderá efectuarse tanto respecto da puntuación obtida na valoración da proba como respecto ao contido das preguntas formuladas, se fose o caso. A reclamación tamén poderá consistir na consulta do exercicio da propia persoa aspirante co fin de coñecer as razóns da súa valoración. Co fin de axilizar trámites, as persoas aspirantes que non presenten reclamación no rexistro xeral do Concello de Ribeira, poden facelo enviando ao fax 981 871610, ao ao correo electrónico maria.sieira.rios@ribeira.gal, a condición de que conste a acreditación de presentala ante calquera outro rexistro non municipal.

Quinto.- Declarar EXENTOS/AS da realización do segundo exercicio da fase de oposición (proba de coñecemento da lingua galega) a todos/as os/as aspirantes presentados/as, ao ter





C O N C E L L O
D E
R I B E I R A

(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

acreditado estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de conformidade co disposto na Base 9ª das que rexen este proceso selectivo.

Sexto.- Proceder á **CUALIFICACIÓN TOTAL FINAL** determinada pola suma dos puntos obtidos en cada unha das fases en que consistiu este proceso selectivo, referida ós/ás aspirantes que superaron todas as probas previstas, dando o resultado seguinte:

Nº	Aspirante	Fase de concurso	Fase de oposición	Puntuación total
1	Currás Pico Antonio Luis	8	20	28
2	Gómez Silva Carmen	0	29	29
3	Vázquez Romero Andrés	1,98	23	24,98

Sétimo.- Proceder á formación da **BOLSA DE EMPREGO**, por orde decrecente da puntuación total final, que estará determinada pola suma dos puntos obtidos nas distintas fases do proceso selectivo:

Nº	Aspirante	Fase de concurso	Fase de oposición	Puntuación total
1	Carmen Gómez Silva	0	29	29
2	Antonio Luis Currás Pico	8	20	28
3	Andrés Vázquez Romero	1,98	23	24,98

De acordo co disposto no artigo 121.1 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas, contra os actos ditados polo tribunal avaliador cabe interpor recurso de alzada perante o Sr. Alcalde-Presidente, como órgano que nomea ao presidente do tribunal, sen prexuízo de calquera outro que se estime conveniente. O prazo será dun mes a partir do día seguinte ó da publicación do presente acordo no taboleiro de anuncios da Casa Consistorial do Concello de Ribeira, sito na Praza do Concello, nº 1.

En Ribeira, á data da sinatura dixital que figura ó pé deste documento. A secretaria do tribunal avaliador, María Sieira Ríos.

